

## **NUEVAS ESTRATEGIAS PARA EL ANÁLISIS FINANCIERO EN LA EMPRESA**

ANNA MARÍA GIL LAFUENTE  
Barcelona: Ariel. 2001  
[480 páxinas]

*Recibido:* 7 marzo 2001

*Aceptado:* 15 maio 2001

Ó tempo que a economía da empresa se foi consolidando como disciplina científica durante toda a segunda metade do pasado século, a función financeira foi cobrando entidade propia dentro dela, revelándose como a pedra angular sobre a que se sustenta a excelencia empresarial e, aínda máis, a supervivencia a longo prazo das organizacións.

Dentro do ámbito da xestión financeira, as técnicas da análise financeira fóronse refinando e tamén gañando en complexidade, nun intento de adaptarse á propia realidade empresarial e afastarse das modelizacións simplificadoras doutrora que, aínda que constituíron un primeiro paso fundamental para afronta-la problemática financeira das empresas, non deixan de apoiarse na construción dunha entidade ficticia sobre aquela realidade, para facela máis manexable e comprensible.

Foi, pois, a necesidade de dota-las finanzas empresariais dunha maior operatividade a que constituíu un primeiro impulso para o seu desenvolvemento e evolución. Pero non foi o único motor do cambio. Outro factor non menos importante e se cadra máis urxente, que explica a continua rexeneración da disciplina financeira, constitúe o carácter sumamente mutable e dinámico da contorna na que a actividade económica se vén desenvolvendo nas últimas décadas. Efectivamente, a contorna social exerceu sempre unha indubidable influencia sobre a estrutura financeira das empresas e condicionou a súa evolución. Así, a medida que avanzaba o tempo e cambiaban os problemas financeiros que había que afrontar, xurdiron instrumentos que trataron de darlles unha resposta axeitada. E hoxe que estes cambios se suceden a unha gran velocidade e son moito máis profundos e complexos, faise imprescindible dispoñer dunhas técnicas de análise que permitan facer fronte á incerteza que isto xera.

É precisamente esta circunstancia, a incerteza, a que constitúe o fio conductor da obra que nos presenta a profesora Gil Lafuente. Incerteza que pende sobre a análise financeira tradicional e que deriva, como explicamos ata aquí, do compromiso de capta-la realidade da empresa tal e como é, con toda a súa imprecisión, e da toma de conciencia de que nos movemos nunha contorna caracterizada pola mutabilidade.

Así, a autora revélanos a súa intención nas primeiras páxinas deste libro, á vez que nos lembra cáles foron os principais enfoques que guiaron o desempeño da función financeira ó longo da súa historia, e cáles os aspectos máis importantes ós

que se lles dedicou atención, como base para o desenvolvemento e a aplicación das formulacións que recolle nos seguintes apartados. Porque as novas estratexias para a análise financeira na empresa non supoñen a ruptura coas técnicas tradicionais, senón tan só a súa adaptación, e mesmo en moitos casos a súa complementariedade.

Para os efectos de comezar a traballar no campo da incerteza, inclúese no segundo capítulo unha introducción a algúns elementos básicos para o seu tratamento, que esixen o posicionamento da análise dentro das lóxicas multivalentes, en concreto, dentro da lóxica borrosa. Esta introducción en ningún caso pretende ser exhaustiva, xa que ó longo de toda a obra se nos irán mostrando moitos dos diversos instrumentos e ferramentas que nos van permitir resolver os problemas financeiros tradicionais no ámbito da incerteza.

Non podemos falar dunha estrutura ou esquema claramente visible na organización da obra, pero tampouco de desorde ou de caos (a pesar de atopármolos somerxidos na *borrosidade*). De feito, o que a autora nos ofrece é unha compilación de tódalas cuestións ás que tradicionalmente se lles prestou atención no seo da xestión financeira, tales como a orzamentación, a solvencia a curto e a longo prazos, o custo do capital, ou a captación, selección e asignación de medios financeiros; e atrévese incluso a face-la súa contribución ó polémico tema da estrutura óptima de capital, con resultados verdadeiramente interesantes. A obra constitúe, xa que logo, un manual ou unha guía de instrucións para definir e implementar un completo programa de diagnóstico da situación financeira das empresas, repasando os conceptos máis importantes que configuran esa análise.

Cada un destes aspectos é o obxecto de un ou máis capítulos individualizados, nos que a autora opta sempre, facendo gala dunha gran coherencia expositiva, por comezar cunha alusión máis ou menos profunda ó tratamento e á consideración outorgados tradicionalmente ós conceptos que son obxecto de estudo, para achegar de seguido a súa particular contribución ó diagnóstico financeiro e presentar aquelas técnicas e algoritmos que nos permitan adapta-la análise a condicións de incerteza e imprecisión.

A pesar de que as metodoloxías expostas teñen un claro soporte matemático, a obra non aspira a ser en absoluto un compendio de fórmulas e teoremas. Aínda máis, a autora pretende que o contido máis puramente matemático do libro sexa o máis dixerible posible, poñendo unha especial énfase nas aplicacións prácticas das técnicas que nos suxire, ó basea-la exposición da súa armazón teórica en numerosos exemplos que pretenden, e conseguen, constituír un reflexo da realidade empresarial.

Desta maneira, cada ferramenta proposta élle mostrada ó lector con, se non todo, cando menos unha boa parte do seu potencial a través da resolución de problemas financeiros típicos, formulados baixo a premisa de considerar aquela información de carácter cuantitativo e cualitativo máis básica e relevante. Esta pauta de presentación fórnelle á obra un carácter eminentemente pragmático que nos

aproxima á implementación real das técnicas da análise financeira baixo a perspectiva da incerteza.

A consideración final ó tratamento borroso dos efectos particulares da contorna económica sobre a actividade empresarial, e en concreto sobre a perspectiva financeira da súa xestión, completa e pecha un manual que nos ensina a traballar cun novo e moderno enfoque da análise financeira da empresa, e que nos proporciona unha solución de inestimable valor para darlles resposta ás condicións de mutabilidade e de incerteza nas que nos atopamos inmersos.

Sen embargo, a obra non queda completamente pechada, na medida en que, como a propia autora indica en numerosas ocasións, son moitos os aspectos nos que cabe afondar e moitas as liñas de investigación que este libro ten o mérito de deixar abertas. Agardamos, pois, que se siga traballando neste sentido de cara a aproveitar ó máximo as posibilidades que ofrecen estas novas estratexias para a análise financeira.

NOELIA ROMERO CASTRO  
Departamento de Economía Financeira e Contabilidade  
Escola Universitaria de Estudos Empresariais de Lugo  
Universidade de Santiago de Compostela